



En Boiro, sendo as 16:30 horas do día 11 de abril de 2024, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica no salón de actos do IES Espiñeira, coa seguinte

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Oferta educativa centro.
3. Calendario fin de curso.
4. Rogos e preguntas.

**1. Aprobación, se procede, da acta anterior.**

María Ana Domínguez, directora do centro, expón que, como é costume, a acta da CCP anterior está colgada na páxina web do centro para a súa consulta.

Apróbase por unanimidade.

**2. Oferta educativa centro.**

María Ana informa que se ten elaborada unha prematrícula, presentada ao alumnado, para sondar as súas preferencias de estudos de cara ao curso próximo.

A Directora explica as características da configuración de itinerarios e bloques de materias de opción e optativas por cursos tendo en conta os resultados da prematrícula e das posibilidades do centro por número de alumnado. A oferta tería as seguintes características:

OFERTA 3º ESO		
Materia	Horas	Departamento
Cultura Financeira	3	Economía
Educación Dixital	3	Tecnoloxía
Oratoria	3	Filosofía
Francés	3	Francés

OFERTA 4º ESO			
ITINERARIOS	Materia		Horas
ITIN 1	Bioloxía+Física e Química		3
ITIN 2	Economía/Fopp/CuCla + Latín		3
ITIN 3	FOPP + Dixitalización		3
De opción	-Expresión Artística -Música -Francés -Tecnoloxía	Escoller 2 -Expresión Artística -Música -Francés -Tecnoloxía -Dixitalización -Fopp -Cultura Clásica* -Filosofía* -Intelixencia Artificial para a Sociedade* *Non se poden escoller á vez	3
Optativa	-Cultura Clásica* -Filosofía* -Intelixencia Artificial para a Sociedade*		3

María Ana pide aos membros da CCP propostas para axustar a oferta de itinerarios de 4º ESO. Economía foi unha materia moi demandada polo alumnado. Se se mantén no itinerario 2, elimínase a posibilidade de ser cursada polo alumnado de ciencias (itinerario 1), posto que non hai suficiente alumnado para incorporala tamén como optativa. O itinerario 3, ofertado o curso pasado, non contou con suficiente matrícula para implantarse, polo que se dubida se ofertalo ou non. A profesora Mar Domínguez pide a palabra abogando para que o segundo itinerario estea composto polas materias de Economía e Latín. A profesora Margarita Gómez fai unha alegación a favor de manter sempre un itinerario Humanístico.

Tras unha deliberación, non se chega a ningunha conclusión.

1º BACHARELATO	
MODALIDADES	Materia
CIENCIA E TECNOLOXÍA	(Mat I) -Física e Química -Bioloxía/Tecnoloxía Industrial I
CCSS e Humanidades	(Mat CCSS/Latín) -Historia -Economía/Grego

Optativa (Elexir 1)	-Anatomía -Lit Universal -Cult Científica -Antropoloxía -Francés -Lit Galega s.XX -TIC I -Debuxo Técnico I
---------------------	---

2º BACHARELATO	
MODALIDADES	Materia
CIENCIA E TECNOLOXÍA	(Mat II) -Física/Bioloxía -Química/TecEnx II
CCSS e Humanidades	(Mat CCSS/Latín) -Economía/Arte Grego II/Xeografía
Optativa (Elexir 1)	-Psicoloxía -Francés -MEN -Patrimonio e Sociedade de Galicia -TIC II -Xeoloxía -Debuxo Téc II

Este punto non foi aprobado a falta de acordo. Incluirase na Orde Do día da seguinte CCP.

### 3. Calendario fin de curso.

Este punto, que tamén se inclúe na Orde do Día do Claustro, será exposto con detalle no mesmo, ao restar escaso tempo para que este comece.

### 4. Rogos e preguntas.

Non se deron.

Sendo as 17:00 horas, levántase a sesión.

A DIRECTORA

Asdo.: María Ana Domínguez Pérez

A SECRETARIA

Asdo.: Paula Muñiz Vilas



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN  
SECUNDARIA  
ESPIÑEIRA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

Lg. Espiñeira  
15930 Boiro (Santa Bala)  
☎ 881866630  
✉ lo.s.espiñeira@edu.xunta.gal  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/losoespiñeira/>



**Ausentes:**

- Pérez Arias, Mónica.
- Pimentel González, Manuel.
- Piñeiro García, Xosé Lois.